


PEPE CARREIRO

PRESENTA

Os Bolechas *queren saber...*

como son os cetáceos da nosa costa



Carlos

Loli

Pili

Braulio

Sonia


Tatá

Chispa




Edicións A NOSA TERRA

OS CETÁCEOS SON MAMÍFEROS MARIÑOS QUE VIVÍAN EN TERRA HAI MILLÓNS DE ANOS.



Os Bolechas embarcan co seu amigo Lois, que os vai levar onda os **cetáceos** e as **aves mariñas** que andan pola costa de Galicia.
–Non vos marearedes, ho! –dilles o Lois.

Ao saíren do porto ven dous **arroaces** choutando na auga.
–Sabedes unha cousa? Os cetáceos respiran cos **pulmóns**, igual ca nós. Os peixes, en cambio, respiran polas **guerlas** –explícalles o Lois.




AVENTADOR

OS CETÁCEOS TEÑEN QUE SAÍR Á SUPERFICIE DO MAR PARA RESPIRAREN. RESPIRAN POLO AVENTADOR, QUE É COMA O NOSO NARIZ.


Estes son os cetáceos que andan pola costa de Galicia:



BALEA COMÚN




CACHALOTE



CACHALOTE PEQUENO



BALEA VASCA



GOLFIÑO RISCADO




CIFIO



BALEA BOREAL




CANDORCA




ARROAZ



BALEA ALIBRANCA




BALEA XIBARTE



ARROAZ BOTO




GOLFIÑO




TONIÑA



CALDEIRÓN



–Unha **gaivota**! –berra Braulio, que vai na proa do barco.
 –Si. Nas rías galegas hai moitas e tamén hai **carráns**, **corvos mariños**, **pardelas**, **paíños**. Hai moitas aves mariñas vivindo onda nós –di o Lois.



–As maiores colonias de **gaivotas patiamarelas**, **corvos mariños** e **carráns** que viven en Galicia atópanse nos cantís das illas Atlánticas. Das tres aves, o carrán é a única que **emigra**.



AS TONIÑAS ESTÁN A PUNTO DE SE EXTINGUIR. É UNHA ESPECIE AMEAZADA.

Ao chegaren á boca da ría, ven choutar unha toniña coa súa cría.
–Os cetáceos nacen da barriga da nai e maman mentres son pequenos. Os peixes, en troca, nacen de ovos e non maman –explica o Lois.




ALGUNHAS PARDELAS VEÑEN COMER AQUÍ DESDE O MEDITERRÁNEO.

DESCARTE


OS PAÍÑOS SÓ SE ACHEGAN A TERRA CON MAL TEMPO.

O barco do Lois pasa onda outro barco que está a faenar na boca da ría.
–Esas aves que penican no **descarte** son **pardelas** e **paíños**. O descarte é o peixe que rexeitan os mariñeiros. Os golfinhos non comen peixe morto.




12

Os Bolechas e o Lois saen a alta mar e ven a través da auga outros cetáceos seguindo o barco. Teñen unha cara simpática, parece que rin. –Eses son **golfinhos**! Os golfinhos coñecémolos ben –berran os Bolechas.




13

Hai dúas clases de cetáceos: os que teñen **barbas** e os que teñen **dentes**. Todas as especies de baleas teñen barbas. Os cachalotes, golfinhos e caldeiróns, en troca, teñen dentes.



–Ollade acolá outra toniña. As aves son **mascatos**. Onde andan toniñas e mascatos hai pesca segura. Antes de se inventar o **sonar**¹, os mariñeiros guiábanse por eles para saberen onde había pesca –di o Lois.

1. O sonar é un radar submarino.



Os mascatos son aves mariñas máis grandes que os patos. Viven miles nos cantís. Pescan en alta mar, normalmente a moita distancia de terra. O seu alimento principal son as **xardas** e os **arenques**.

Agora o Lois móstralles aos Bolechas a foto dunha ave mariña. Parece un pingüín.


–Este é un **arao**. Xa desapareceron case todos da costa galega, por iso volo mostro en foto. Antes había ben deles, mais afétanlle

moito as **verteduras** dos barcos e a **contaminación** do mar.

De inverno veñen algúns dos mares do norte acopañados de **carolos**.




CAROLO




AS TARTARUGAS MARIÑAS E OS CETÁCEOS FÍRENSE COS PLÁSTICOS, PORQUE OS CONFUNDEN CON ALIMENTOS.

O mar está **contaminado**, porque os humanos botamos moito **lixo** nel: restos de combustíbel dos barcos, augas residuais das cidades, fume... Hai especies animais e vexetais que non resisten esta contaminación.




Ademais da contaminación, o mar tamén sofre a **sobreexplotación²** pesqueira. Péscase tanto, que os peixes non teñen tempo de criar e medrar. Ademais coa sobreexplotación, deixamos sen alimento moitos peixes, cetáceos e aves, que tamén se alimentan de peixe.

2. Sobreexplotar é aproveitarse de algo de maneira esaxerada.




OS GOLFIÑOS E OS ARROACES ROMPEN AS REDES PARA COMEREN O PEIXE. ÁS VECES RÓMPENAS AO SE ENMALLAR NELAS.

–Os mariñeiros anoxámonos cando os golfiños e outros cetáceos nos rompen os aparellos. Mais temos que ter paciencia, porque tamén nós nos metemos no seu **hábitat**, que é a súa despensa –di o Lois.




Os **mariñeiros** e os **científicos mariños** teñen que colaborar para protexeren o mar e as especies que viven nel, animais e vexetais. Os mariñeiros queren que o mar estea vivo, porque é o seu medio de traballo. Os científicos axudan os mariñeiros coas súas investigacións e estes axúdanos a eles coa súa experiencia no mar.




Ei! Un **arrastreiro**³ colleu sen querer un golfinho nas redes. Os mariñeiros paran a manobra para non ferilo.

–Hai que chamar a terra, para que o veñan salvar –di o patrón.
Cando un cetáceo se enreda nos aparellos de pesca, non se debe subir a bordo.

3. O arrastreiro é un tipo de barco de pesca.



A **veterinaria** chega pronto. Os Bolechas e o Lois achegáronse tamén ao arrastreiro para axudaren os mariñeiros a salvar o golfinho.
–Tédeo fóra da auga, para que respire, e falade baixiño! –dilles ela.



A veterinaria, coa axuda dos mariñeiros, do Lois e máis dos Bolechas, desenguedella con moito meco o golfiño da rede, e devólveo ao mar.
–Nin se asustou. Hai que tratalos con moito coidado –di ela.




Despois da aventura, o Lois muda o rumbo para regresaren ao porto.

–Ollade ese mascato! Vai afogar coa cabeza na bolsa

–berra Carlos.

–Hai que collelo e levalo ao **centro de recuperación de aves** –di o Lois, anoxado cos que botan lixo no mar.



NESTAS ÁREAS OS MARIÑEIROSCANCON MOITO COIDADO.

–As **áreas mariñas protexidas** son zonas do mar, onde os peixes e a vexetación mariña non sofren contaminación nin sobreexplotación pesqueira –explica o Lois de camiño de volta.



○ Lois atraca o barco e os Bolechas soltan o mascato. Xa non fixo falta levalo ao centro de recuperación, tiráronlle a bolsa e saíu voando. Agora van merendar unha empanada de vieiras. ○ mar deulles fame!

Lembra:



Os cetáceos son mamíferos, porque nacen da barriga da nai, maman de pequenos e respiran por pulmóns. **Non son peixes.** Os peixes nacen de ovos, non mamam e respiran por guerlas.



Nos cantís das illas Atlánticas atópanse algunhas das colonias de aves mariñas máis grandes do planeta.



A contaminación e as verteduras cotaminan o mar. Por causa delas están **ameazadas de extinción** varias especies animais e vexetais.



A **sobreexplotación pesqueira** tamén ameaza a vida no mar, impide a recría de peixes e deixa sen alimento a moitas especies.



As **áreas mariñas protexidas** son zonas do mar onde as especies viven sen ameazas.



O **CEMMA** é a coordinadora para o estudo dos mamíferos mariños. Podes coñecela e pedirlle información en: www.cemma.org, cemma@arrakis.es
Teléfono: 981 366 149. Para emerxencias sobre cetáceos ou aves podes chamar ao 112.



Os Bolechas

© PROMOCIÓN CULTURAI GALEGAS, S.A.

Deseño da colección, texto e debuxos
de Pepe Carreiro

ISBN: 000000
D.L.: VG-000000
Impresión e encadernación:
Comercial Gráfica Nós, S.A.
Rúa do Príncipe, 22. 36202 Vigo

Libros publicados na colección **OS BOLECHAS:**

- Os Bolechas lavan o can
- Os Bolechas xogan ás escondidas
- Os Bolechas van ao cine
- Os Bolechas fan maxia
- Os Bolechas van ao médico
- Os Bolechas van ao supermercado
- Os Bolechas van de excursión
- Os Bolechas van á praia
- Os Bolechas van pola rúa
- Os Bolechas teñen medo
- Os Bolechas xogan co ordenador
- Os Bolechas van mercar roupa
- Os Bolechas cortan o pelo
- Os Bolechas van ao circo
- Os Bolechas van á aldea
- Os Bolechas van á piscina
- Os Bolechas van de acampada
- Os Bolechas van a un cumpreanos
- Os Bolechas van de pesca
- Os Bolechas teñen gato
- Os Bolechas fan pis
- Os Bolechas fan un carro
- Os Bolechas están namorados
- Os Bolechas perderon o can
- Os Bolechas van ao parque de atraccións
- Os Bolechas vaná hamburguesería
- Os Bolechas xogan ao baloncesto

- Os Bolechas pelexan cunha avés
- Os Bolechas van a un festival
- Os Bolechas van en caravana
- Os Bolechas rifan no cuarto de baño
- Os Bolechas teñen unha curmá

Libros publicados na colección **OS BOLECHAS van de viaxe:**

- Buscan a Linda en Pontevedra
- A moeda de Lugo
- Primeiro amor en Ferrol
- A vaca da Amaía
- O castelo encantado d'O Porriño
- Carreiras en Poio
- O tesouro de Baiona

Libros publicados na colección **OS BOLECHAS *queren saber...*:**

- que é o aire
- que é a enerxía
- que é a auga
- que é o lixo
- que é o solo
- cómo é un parque de bombeiros
- cómo é a policía local
- cómo é unha biblioteca
- cómo é un acuario
- Cómo é un castro



